

Acta da sesión extraordinaria constitutiva da nova Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 15 de xuño de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as doce horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral, así como do art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concurren debidamente convocados os concelleiros e concelleiras electos nas eleccións locais convocadas por Real Decreto 233/2015 de 30 de marzo:

Electos asistentes:

D. José García Liñares.
 D. Juan José Rodreiguez García.
 Dna. Cristina Capelan Cancelo.
 D. Francisco Javier Boquete Cambón.
 Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
 D. Jesús Rama Bello
 Dna. Catrina Queijo García
 D. José Francisco Santos Regueiro
 Dna. Luz María Bello Vazquez.
 Dna. Celia López Pallas.
 Dna. Lorena García Juncal
 D. Jesus Picon Pardo
 D. Alberto Sanchez Regueiro.

Comparecen os trece electos que forman o número legal de membros da Corporación esixida no art. 195.4 da LO 5/1985 do 19 de xuño de réxime electoral e reunense co obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria de constitución do Concello, de conformidade coa seguinte orde do día:

-
- Primeiro.- Constitución da Mesa de Idade.**
Segundo.- comprobación das acreditacións de personalidade dos electos, con base ás certificacións remitidas pola Xunta Electoral.
Terceiro.- Toma de posesión dos concelleiros.
Cuarto.-Postulación de candidatos á Alcaldía-Presidentencia.
Quinto.- Elección do Alcalde-Presidente.
Sexto.- Toma de posesión do Alcalde-Presidente.
-

Primeiro. Constitución da Mesa de Idade.

Constitúese a Mesa de Idade que estará integrada polo elixido de maior idade e de menor idade e actuará como Secretario o da Corporación.

Ante o Secretario da Corporación toman posesión os electos D. José García Liñares e Dna. Lorena Garcia Juncal, quedando constituída a Mesa de Idade, xunto co o Secretario Xeral da Corporación, D. Raúl Martínez Martínez.

Segundo. Comprobación das acreditacións de personalidade dos concelleiros electos, con base ás certificacións remitidas pola Xunta Electoral.

O Secretario manifesta que todos os electos teñen acreditada a súa personalidade. Con anterioridade ao día da data presentaron ante a Secretaría Xeral do Concello as

declaracións sobre posibles causas de incompatibilidade, e a de bens e intereses, tal como esixe o artigo 75.7 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro. Toma de posesión dos concelleiros electos.

Cada un dos electos, por orde de lista das candidaturas, coa excepción dos concelleiros integrantes da Mesa de Idade, dan lectura da fórmula legal prevista para o xuramento ou promesa do cargo de concelleiro ou concelleira da Corporación Municipal, segundo está recollida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril:

“Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir lealmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Cerceda, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado ao Estatuto de Autonomía de Galicia e obediencia ás leis.”

Formulado o xuramento ou promesa polos trece electos, o Presidente da Mesa de Idade, declara constituída a Corporación Municipal do Concello de Cerceda, integrada polos seguintes membros:

D. José García Liñares.
 D. Juan José Rodreiguez García.
 Dna. Cristina Capelan Cancelo.
 D. Francisco Javier Boquete Cambón.
 Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
 D. Jesús Rama Bello
 Dna. Catrina Queijo García
 D. José Francisco Santos Regueiro
 Dna. Luz María Bello Vazquez.
 Dna. Celia López Pallas.
 Dna. Lorena Garcia Juncal
 D. Jesus Picon Pardo
 D. Alberto Sanchez Regueiro.

Cuarto. Postulación de candidatos á Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario Xeral do Concello sinala que tomada posesión polos membros da Corporación, procede agora a elección do Alcalde do Concello de Cerceda que ten que facerse seguindo o sistema previsto no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, mediante votación ordinaria, salvo que pola Corporación se acorde a utilización do sistema de votación nominal, según o artigo 46.2 d. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O non acordarse a utilización do sistema de votación nominal, cómpre a utilización do sistema ordinario mediante votación a man alzada.

Poden ser candidatos tódolos os concelleiros ou concelleiras que encabezen as súas correspondientes listas, sendo proclamado Alcalde quen obteña a maioría absoluta dos votos dos concelleiros. Se ningún obtén esta maioría, será proclamado Alcalde quen encabece a lista que tivese obtido maior número de votos populares nas Eleccións Locais do día 26 de maio de 2019.

Ante o requerimento da Secretaría Municipal, presentan as súas candidaturas os seguintes cabezas de lista:

- D. José García Liñares, como cabeza da lista electoral do PSdG-PSOE.

Quinto. Elección do Alcalde-Presidente.

A Presidencia da Mesa de Edad, procéde á plantexar a votación comenzando pola candidatura de D. José García Liñares, como cabeza da lista que obtivo máis concelleiros nas pasadas eleccións.

Realizada a votación ordinaria, resulta elixido Alcalde-Presidente do Concello de Cerceda D. José García Liñares, con sete votos favorables e seis abstencións, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

Sexto. Toma de posesión do Alcalde-Presidente.

O Alcalde electo adiantase ante a Mesa de Idade procede a tomar posesión do seu cargo, mediante a seguinte fórmula:

“Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir lealmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Cerceda, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, o Estatuto de Autonomía de Galicia e obediencia ás leis.”

O vocal da Mesa de Idade dalle posesión do cargo, mediante a entrega do bastón de mando e declara disolta a Mesa de Idade.

A continuación, asume a Presidencia da sesión o Alcalde, D. José García Liñares, toma a palabra:

“Para mín é unha honra e un pracer tomar posesión novamente, e van sete como alcalde de Cerceda. A confianza que o pobo nos demostrou ao goberno que aquí estamos, é un motivo de orgullo, como tamén o é que conseguimos a victoria nas eleccións xerais, europeas e agora as municipais, pero queda a máis importante, a próxima: Cerceda. Esperamos saber afrontar con dignidade, transparencia e sobre todo con humildade, a victoria que fai pouco tempo conseguimos.

Pero ademais, nesta ocasión o bastón de mando ven precedido por unha campaña electoral dura, máis dura do común.

O noso agradecemento a todo o pobo, pero fundamentalmente a todos os que nos apoiaron o que nos permite estar hoxe aquí tomando posesión dos cargos.

Que as veciñas e veciños, despois de toda a que caíu, volvades a confiar en nós, ganando en todas as mesas electorais, supón un referendo das políticas que vimos facendo: sociais, económicas, infraestructuras, de todo tipo....

Por diante quedan 4 anos de goberno, non podemos facer outra cousa que mellorar, de nada servirá seguir facendo as mesmas cousas, a mesma política se non avanzamos.

Non se pode vivir de réditos do pasado porque o pasado pode que nos trouxera aquí, pero co pasado non conseguiremos avanzar.

Quedan moitos retos por diante:

- Ampliación do Polígono Industrial
- Peche da Central Térmica
- Complexo lúdico do Lago das Encrobas
- Urbanización de Xalo
- Deslindes con Carral e Tordoia
- PXOM
- Subvencións europeas
- Senda verde Cerceda-Santiago
- Ampliación do Acuaparck
- Estrada Bailía-Areosa-estrada Ordes

Pero temos un reto aínda máis importante: crecer. Crecer sostiblemente sen deixar atrás a ninguén, facendo sitio para todas as sensibilidades. Facer de Cerceda un Concello mellor non pode ser un proceso que dane, debe ser un proceso que constrúa, que eleve e que transforme, atendendo ás demandas de todos os nosos veciños: dende os máis novos aos máis vellos.

Hai outras cousas como abrir e arranxar camiños, aceras, saneamentos, dos que xa temos varios en estado avanzado de tramitación.

Este goberno quere mirar ó futuro. Presentamos a estas eleccións un programa electoral denso, ambicioso e capaz a altura do que Cerceda demanda, por tanto que nadie busque por outro lado, a nosa única folla de ruta vai ser ese programa electoral.

Máis alá das diferencias políticas que poidamos ter, pídovos a todos os concelleiros de Cerceda, a responsabilidade que me esixo a mín mesmo e que os nosos veciños merecen. Sexámos o Goberno que Cerceda quere, precisa e merece.

Tamén lle pido a oposición que sexa unha oposición responsable, que sume e non reste. Tamén lles digo que toda derrota ten algo de positivo igual que toda victoria ten algo de relativo.

Tan digno é estar nun lado como no outro, os votos poñen a cada un no seu sitio, nada máis.

Compañeiros de goberno, as eleccións pasaron, agora ven o máis difícil: gobernar. O triunfo é directamente proporcional ó esforzo. Os resultados son consecuencia do traballo, non podemos ter nin autocomplacencia nin autosuficiencia: humildade e traballo.

O concello é a casa de todos, as portas sempre están abertas e todos somos Cerceda. Eu como alcalde comprométome a mantela limpa, adecentala, melloralala cada día e escoitar e intentar resolver as necesidades de todas e de todos.

Non gobernaremos contra nadie, gobernaremos para todos a favor da maioría social.

Os pes no chan, a cabeza no ceu, nunca hai que perder de vista a realidade, debemos soñar e traballar para seguir mellorando Cerceda, á que tanto debemos e queremos.”

Finalizada a súa intervención, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, do día da convocatoria, de todo canto eu, como Secretario dou fe.

O Alcalde
José García Liñares
Martínez

O Secretario Xeral
Raúl Martínez